



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA N° 9/2018

FOLLA N° 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Ordes, a vinte e seis de outubro de dous mil dezaoto.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asiste:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 28/09/2018, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que nas follas nº 19 e 21, aprecia os erros seguintes:

Onde di

.../...

1.-Instar ás Consellerías do Mar, do Medio Rural, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Economía, Emprego e Industria a emisión de informes desfavorables tal e como procede polas consecuencias negativas descritas e todas as que en alegacións se presentaron polas entidades e particulares, e así se desestime a autorización administrativa de actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable (...).

.../...

Debe dicir

.../...

1.-Instar ás Consellerías do Mar, do Medio Rural, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Economía, Emprego e Industria a considerar a emisión de informes desfavorables en base á lexislación vixente polas consecuencias negativas descritas e todas as que en alegacións se presentaron polas entidades e particulares, e así se considere desestimar a autorización administrativa de actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, considerando ditar así mesmo unha declaración ambiental desfavorable (...).

.../...

A acta da sesión ordinaria de data 28/09/2018, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coa abstención do Sr. Martínez Sanjurjo, coas correccións sinaladas polo Sr. Manteiga García, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde sinálase que non trae un informe propiamente dito, no anterior pleno non puido estar, tratouse a conta xeral, criticouse bastante o estado da débeda do Concello de Ordes, especialmente polos grupos políticos BNG e UxO. Gustaríalle contar a realidade que ten o Concello de Ordes a día de hoxe, remate do mes de outubro de 2018, para que os veciños o saiban. O que se dixo o outro día aquí son auténticas mentiras e barbaridades. O primeiro que hai que saber e comprender é que a conta xeral é a análise dun exercicio a unha data concreta que é o 31 de decembro dun ano concreto. O interventor fiscaliza a anualidade e o balance do exercicio esta reflectido no informe que trae aquí do exercicio económico e do que lles da conta no mes de marzo. Ese período medio de pago a provedores, esa amortización de débeda, esas cantidades están reflectidas a un dato concreto como esixe a lei e outra cousa é o balance económico, que especialmente o anterior alcalde coñece e debera recoñecer públicamente como ten feito noutras moitas ocasións cando era a el cando lle correspondía defender a conta xeral. Hoxe quere dar constancia dese balance, cando queiran pasen a falar co interventor e falan



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

tamén da realidade co tesoureiro. Vai a dar as cifras, non polo que din vostedes, para que os veciños as saiban. Cando chegaron á Alcaldía o 3 de xullo de 2015 a situación real do concello de Ordes era que a débeda viva era de 5,3 millóns de euros, é certo que había un arqueo de 1,8 millóns de euros. A día de hoxe 26/10/2018 as contas reais son as seguintes: temos catro créditos con entidades bancarias coas cantidades pendentes de amortización seguintes: recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2004 co Banco Santander cunha cantidade pendente de amortización 256 mil euros, ano de cancelación 2025. Un préstamo bancario de financiación de inversións do ano 2007, tamén co Banco Santander, ano de cancelación 2018, pendente 23 mil euros. Financiación de inversións do ano 2008 pendente de amortizar 1,2 millóns de euros e a maiores o plan de pago a provedores, que foi a salvación do concello de Ordes, do ano 2012, pendentes de amortizar 487 mil euros. Esas catro cantidades suman a día de hoxe 2 millóns de euros, que é o que se lle debe aos bancos. Amortizaron 3,2 millóns de euros dende o 01/01/2016 por que no ano 2015 foi totalmente imposible por que deixaron esgotado o 95 por cento do orzamento e máis de 600 mil euros de facturas no caixón que pagaron no ano 2016. É certo que a Deputación creou o PAI 2015 – 2016 e POS+ 2017 e 2018. Todos os concellos que tiñamos débeda era importante que nos incorporásemos a estes plans, polo tanto non critiquen que o concello se está endebedando con estes plans.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que plantexa unha cuestión de orde, esta intervención non é informes da Alcaldía. Estase a acusar á xente de cousas sen poder defenderse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se despois queren dicir algo daralles un turno de palabra. O outro día aquí dixéronse moitas cousas e esta a defender o traballo e a xestión deste goberno municipal, por que o outro día non puido estar no punto da conta xeral. Non esta a acusar a ninguén. O outro día falouse de que non se amortiza, que segue a estar como estaba, que o concello non mellora. Fagan as contas amortizaron 3,2 millóns de euros en dous anos e medio. Hai están as contas, llas ensina cando queira. A conta xeral fai unha exame a unha data concreta o 31 de decembro. O PAI e POS+ son beneficiosos para os concellos, podían ter destinado o cen por cento a amortización, non hai intereses, o período de carencia a Deputación o esta a aumentar ano tras ano. Todos os concellos saben perfectamente que posiblemente nunca haxa que devolver o PAI, está pensado para iso. A Deputación ten remanente e a única forma que lle permite o Estado a súa redistribución e a través dun PAI. Estas son as cifras. No ano 2015 amortizouse 255 mil euros, 84 mil euros en obras. No ano 2016 amortizouse 200 mil euros, 140 mil euros en obras. Aos bancos so lle deben 2 millóns de euros. Nas próximas semanas van amortizar 400 mil euros máis. En tesourería hai 3,5 millóns de euros. Podían por a débeda a cero xa fai máis dun ano. Non interesa por que saben o que é o fondo de manobra. Non pode por en perigo a estabilidade orzamentaria do concello, a regra de gasto. Hoxe podía presumir aquí perfectamente de que o concello ten solvencia suficiente tras a xestión que fixeron estes anos para poder ter a débeda a cero. Non fala por falar. Non lle sigan a falar da débeda por que ten a tesourería. Veñan ver as cifras. Están a pagar a dezaseis días. O outro día o Sr. Vidal Ríos dixo que pagábamos a corenta e seis por que o di a Conta Xeral por que fai o data o 31 de decembro. Sabe que a 31 de decembro entran moitas facturas e certificacións de obras e hai que pechar o exercicio e non se pode pagar ata finais de xaneiro ou febreiro. Pero ao longo do ano a media é de pagar en dezaseis días. Non ten nada que ver o balance do exercicio económico, co balance da conta xeral ao falar do pago medio a provedores. Fale cos provedores que están polo pobo e esa é a realidade. Colla as actas do mes de marzo que é cando informa, 16, 17 e 18 días que é o que pasou nos últimos tres anos. Estamos de terceiro de Galicia, por algo será, é a realidade. Dixeron o outro día cousas que non son certas. É certo que a conta xeral



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

di iso, non o pode negar. A conta xeral fala a 31 de decembro de cada ano, outra cousa é o exercicio económico. O Sr. Regos Boquete dixo que conseguían amortizar 1 millón de euros por ano e eu dígolles que amortizo 1,2 millóns de euros por ano, e este ano vamos a amortizar 1,6 millóns de euros. En resume a débeda total a día de hoxe cos investimentos no POS+ son 3 millóns de euros, segundo documento oficial facilitado polo Tesoureiro obtido do Ministerio de Facenda. O PP so votou unha vez en contra da conta xeral. O primeiro ano chegaron a un acordo para votar a conta xeral, o segundo ano aproveitáronse de que un concelleiro do PP se foi e ausentáronse da votación, abstivéronse, o terceiro ano votaron en contra, o cuarto ano votaron a favor, miren as actas. Pide que reflexionen no futuro o que é a conta xeral, o importante que é aprobala antes do 31 de outubro. Erraron un ano de catro que estiveron na oposición. A conta xeral é moi importante, se non se aproba poden perder todas as subvencións da Deputación, Xunta e Administración do Estado. A próxima conta xeral que vai a haber aquí será despois das eleccións, sexamos goberno ou oposición considero que non debería haber debate por que a conta xeral é unha análise que fai o interventor dende un punto de vista técnico a data de 31 de decembro de cada exercicio económico. Estamos a comprometer o futuro deste concello se esa conta xeral non se aproba. Non acusa, nin chama a atención, pide que reflexionen para o futuro. Chama aos que estean aquí a partir de xuño de 2019 para que reflexionen neste sentido. Pola parte do PP sexa quen sexa nunca máis votarán en contra dunha conta xeral, pide aos compañeiros do PP que estean que non voten nunca máis en contra dunha conta xeral.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non cree que o punto de informe da Alcaldía poida comezar como comezou o Sr. Alcalde, abrindo unha acusación cara os grupos aínda que agora diga que non, hai está a súa intervención e no seguinte pleno poderase comprobar na acta como se empezou dicindo que se había mentido, iso non é un informe da Alcaldía, utilizando este punto para xustificar a conta xeral. Comprende que non puido vir ao pleno anterior e agora quere emendar e dicir cousas doutra maneira. Non é a forma, nin o modo. A conta xeral refírese ao ano 2017, a 31 de decembro. E a conta xeral de cada ano. Colla a acta do anterior pleno e vexa como se dicía o período medio de pago a provedores, por moito que agora diga que son dezaseis días, estamos analizando a conta xeral e fala de corenta e un días, nos anos anteriores sería outra data, da igual. A súa intervención é en base a ese documento que elaboran os servizos técnicos municipais e que supón que non minten. As contas son as que saen nas táboas. Non anos anteriores amortizouse 1,2 millóns un ano, 1,4 millóns outro ano. Cando empeza este novo goberno o primeiro ano 500 mil euros, segundo ano 400 mil euros, terceiro ano 500 mil euros, o ano 2018 será a cantidade que corresponda. Non pode dicir que minte, falan en base ao documento que elaborou a intervención. Xa sabe que non lle gusta que debatamos aquí as cousas, que o BNG lle dixese que está todo ben. Non vai ditar o Sr. Alcalde o que ten que dicir ou votar o BNG nunha conta xeral, en todo caso será o propio BNG o seu consello local ou asemblea o que determine o que vai a dicir nun pleno. Aproveita o Sr. Alcalde para criticar que o BNG non apoiase o aparcadoiro do cemiterio municipal. Para nos non era unha obra prioritaria, como tampouco o é o Centro Sociocomunitario e gastar máis de 600 mil euros para facer esa infraestrutura habendo edificios baleiros e completamente inutilizados no concello. Hai algunha solución para o centro comarcal, levamos máis de cinco anos con el alí baleiro e outras infraestruturas do concello. Nos sobran moitos metros cadrados, podíamos aforrar facendo co centro sociocomunitario e adicando unha pranta para servizos sociais como queren facer no Campo da Feira. Vostede ten a súa visión pero non vai a ditar vostede o que digamos dende o BNG.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Centro Sociocomunitario foi aprobado por catorce persoas de dezasete desta corporación, unicamente co seu voto en contra. Vostede non sabe o que vamos a facer dentro do Centro Sociocomunitario, nin llo vou a contra.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que no pleno onde se aprobou se dixo a que se ía a adicar cada pranta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o tempo progresa, non lle vai a contar o que vai a facer dentro. Vostede ve un edificio, o que se vai a facer dentro xa se verá, non llo vai a contar a día de hoxe.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que isto non é serio, é unha fantasmada, vamos a ver. Vostede aproba unha cousa e agora utiliza os fondos para facer unha cousa distinta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vamos a facer un Centro Sociocomunitario, vamos a ser serios. Xa llo dixo fai uns plenos, temos unha solución para o centro comarcal. Houbo un cambio de conselleiro, estamos renegociando a situación, xa llo adiantei nun pleno, esta na acta a idea que temos. Vostede faga o seu plantexamento dende o BNG, de momento gobernamos nos. Xa lle dixen que o viveiro de empresas non pode ir no centro comarcal por que non hai subvencións se non se ubica no parque empresarial. Non vai a invertir cen mil euros que é o que custa o seu funcionamento non centro comarcal, por que considera que iso é unha mala xestión. Cando gobernen, como están tan seguros de ser así, a partir do ano que ven o poderán facer. Vai haber un centro sociocomunitario que se vai a chamar Isabel Zendal, se todo vai ben o día 30 de novembro van a intentar colocar a primeira pedra, por que é o segundo aniversario do seu nomeamento como Filla Predilecta. Non lle vai a contar o que vai haber en cada unha das prantas, había unhas propostas, tamén as había para a Casa Consistorial e a día de hoxe hai outras. Vai a cumprir todo o que nos pide a Consellería de Política Social. Pedímoslle axuda á Deputación da Coruña, fai un chamamento ao PSOE e ao BNG para que nos axuden a financiar ese edificio. O BNG segue a dicir que non. Fai un chamamento ao PSOE para que os axuden a financiar. Hai un mes que lle dirixiu unha carta ao Presidente da Deputación, a concelleira de servizos sociais que está na Deputación defenderá unha moción, agarda contar co apoio do PSOE. A Xunta de Galicia pon 360 mil euros, pedímoslle a Deputación exclusivamente 180 mil euros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que iso o terá que decidir o BNG a nivel Deputación. nos dixemos que estábamos en contra de gastar 600 mil euros alí. E agora pide que fagamos algo, governe.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a súa obriga é pedilos. Cando falemos do POS+ 2019 falaremos que sucede co reparto este ano. Iso vai a pasar o 29 de novembro. Hai moito que falar, por que esa si que é unha xestión do BNG na Deputación. van a darlle a coñecer aos veciños de Ordes como funcionan vostedes o ano antes da campaña electoral. Xa lle adianta que non van a ir incluídas ningunha das súas obras nese plan. So as que nos consideramos que son as adecuadas. Resultoulle curioso que nin a Sra. Martínez Candal, nin UXO presentaron propostas nin para os orzamentos, nin para o POS+. Vamos a valorar todas as propostas, pero cando nos recortan 333 mil euros, espera que vostedes con eses cartos despois dende a Deputación fagan as obras que queiran. Con 333 mil euros que quedan na Deputación da Coruña que lles correspondían aos veciños de Ordes no POS+ cos criterios exactamente iguais que no exercicio anterior. O seu grupo de goberno con eses cartos ten posibilidade de facer



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

obras en Ordes que con todas as propostas que trouxeron non lle chegan nin para enterrar a liña eléctrica en Ardemil que custa bastante máis.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que eles sempre están abertos a debater. Meter uns tubos non custa esa cantidade, esta a terxiversar as palabras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o próximo martes ven o Delegado de Fenosa, vendeuse a parcela 79 do parque empresarial, no ano 2012 o concello asinou un convenio con Xestur sobre esa parcela para modificar o vial de entrada da rolda leste, había unha valoración para enterrar esa liña eléctrica de 32 mil euros. Fenosa por cambiar eses dous postes remitiu un presuposto de 159 mil euros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o que propoñen é enterrar uns tubos, despois terá que xestionar o Alcalde e falar con Fenosa para que lle soterre a liña, non a vai a enterrar o concello de Ordes por que non é da súa propiedade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o primeiro é pedirlle unha valoración a Fenosa e non que a faga a asistencia técnica urbanística municipal cando non ten lóxica ningunha.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que se sinala que se trata de enterrar unhas conducións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que teñen 333 mil euros na Deputación, fagan vostedes o enterramento desa liña, nos facémoslle o proxecto. Disto falaremos en novembro.

3. INTEGRACIÓN NA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS.

Vista a acta da reunión, de data 5 de xullo de 2016, dos Concellos polos que transcorre o Camiño Inglés.

Visto o acordo do Pleno do Concello, de data 27/09/2016, de integración na Asociación de Concellos do Camiño Inglés, aprobando os seus Estatutos.

Visto que pola Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza acordouse a caducidade e arquivo do expediente de inscrición da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, tendo que iniciarse un novo expediente de inscrición.

Visto que na actualidade o expediente de inscrición da Asociación estase a levar dende a Sección de Turismo da Deputación Provincial, téndose iniciado un novo expediente de constitución da Asociación, cunha nova proposta de estatutos.

Vista a nova proposta de Estatutos da Asociación de Concello do Camiño Inglés.

Visto o disposto no art. 135 da Lei 5/1997, de 22 de xullo e disposición adicional quinta Lei 7/1985, de 2 de abril.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo co contido desta proposta. Revisaron os estatutos, crease para cumprir unha serie de fins. Un deles é a promoción e defensa do patrimonio natural, histórico e artístico do Camiño Inglés. Fai case un ano, novembro de 2017, trouxo un rogo denunciando a existencia de grande cantidade de lixo, rodas, botellas de cristal, caixas de plástico e plásticos de silo ao pe d o Camiño Inglés ao paso polo Carballal, Ardemil, nun tramo de 500 m. foron inspeccionar o camiño para ver como esta, e segue igual un ano despois.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, que sinala que se lle dará traslado á empresa de xestión de residuos. Encargarase a concelleira delegada de medio ambiente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño Inglés, aprobando os seus Estatutos, comprometéndose a cumprir os mesmos.

2.- Designar como representante do Concello de Ordes na Asociación de Concellos do Camiño Inglés a:

- Vogal titular: Ana María Soneira Liñares (concelleira).
- Vogal suplente: Susana García Gómez (concelleira).
- Representante técnico: María Tembora Túñez (técnico de cultura).

3.- Dar traslado do presente acordo á Sección de Turismo da Deputación Provincial.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 28 de setembro de 2.018, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

5. MOCIÓNS.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Existen, ou existían, en Ordes dous roteiros de sendeirismo que foron creados na época na que o PSOE rexía a Concellería de medio ambiente. Os roteiros son os seguintes:

Roteiro do río Mercurín. Á altura do muíño do Campo da feira, onde se atopaba un panel informativo da ruta, primeiro pola marxe dereita do río ata o camiño que comunica os lugares de Penelas e Casal, alí atravesar o río para seguir o camiño que leva ao Castro do Casal, de alí vira á dereita para cruzalas agras de Gosende, despois de pasar por este lugar parte a primeira opción do roteiro que despois de atravesaio río, por camiños dos montes de Villaverde, volve ó punto de saída. Segue o roteiro camiño do lugar do Alto, cara a aldea de Mañufe, Seixo e chegando ao monte Inxerio. Aquí toma rumbo cara Guntín e adéntrase na fraga de Vilar e fraga de Tralorrío, atopando polo camiño muíños abandonados e unha fonte, unha ponte de madeira e mesmo un castro. Segue o camiño polos montes de Mercurín e o lugar de Villaverde, para regresar ao punto de partida en Ordes. É un sendeiro circular, dunha lonxitude de 15 km, e estaba perfectamente acondicionado e sinalizado acorde ás normas da Federación Española de deportes de montaña e escalada.

Roteiro de San Paio de Buscás e Outeiro. O roteiro comeza na Casa rural Dona María e recorre os arredores de Buscás, recorrendo parte do Camiño Inglés. Sal cara a igrexa de San Paio de Buscás e logo vira á esquerda para continuar ata o muíño de Auga de Trabe e chegar a un tramo adoquinado do Camiño Inglés, seguindo a súa ruta. No traxecto cruzaremos a ponte do Cubo e seguiremos ata Outeiro de Abaixo e Outeiro de Arriba, pasando pola igrexa de San Xiao de Poulo. De aí torcemos cara Pardiñas, cruzando a AC-224 e chegando á estrada que vai cara a Carballedo, virando alí á esquerda, logo outra vez á esquerda e á dereita, collendo de novo cara a igrexa de San Paio. É un sendeiro circular de 8,5 km e estaba perfectamente acondicionado e sinalizado acorde ás normas da Federación Española de deportes de montaña e escalada.

A percorrer estes sendeiros viñan moitos veciños de todo o Concello, incluso xente da zona de Santiago de Compostela, así mo nenos e nenas en excursións organizadas.

Actualmente, estes sendeiros xa levan abandonados uns cantos anos, cheo de maleza, intransitables e cas sinais deterioradas ou desaparecidas.

Polo que, en condición de voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Instar ao Concello a acometer unha actuación integral de acondicionamento de conservación para recuperar o roteiro do río Mercurín e o roteiro de San Paio e Outeiro, recuperando así unha zona de lecer e de turismo de natureza que pode axudar a recuperar unha parte da economía local, tan deteriorada nos últimos anos no noso concello”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, que sinala que vai a explicar a situación desta moción. Xa se traballou durante este ano no que vostede plantexa, está totalmente de acordo. Pide que se retire a moción, están os proxectos feitos e entregados, un incluso se vai a licitar o vindeiro mes. Solicita que retire a moción. Nunha xunta de goberno local figura a aprobación da homologación da ruta do roteiro do río Mercurín. Vai incluída nunha actuación do Leader 2018-2019, segundo exercicio.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que están totalmente de acordo, pero non sobra unha referencia a que realmente fixo e montou este roteiro que foi a Asociación Tarandeira, é certo que naquel momento a concellería do PSOE dotouna dun panel informativo, quen realmente a abriu foi esta Asociación.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, que sinala que o proxecto de homologación do roteiro de sendeirismo de San Paio de Buscás se incluíu no Plan de Medio Ambiente, quedamos na lista de agarda e finalmente non puidemos optar á subvención. Intentarán de novo o ano que ven optar á subvención da Consellería de Medio Ambiente. Os sendeiros non están homologados ningún deles, non cumpren a normativa. Os sinais non cumpren, os veu a ver un profesional. O 15/02/2018 fixo chegar o proxecto de creación e homologación do roteiro do río Mercurín, que se incorporou ao Leader. Non so vai a homologación, vai unha actuación no paseo por importe de 90 mil euros, esta incluída nos orzamentos de 2018, cunha financiación do Leader do 57%, unha anualidade 2018 e anualidade 2019. Proximamente farase a licitación, tratarán de ter xustificado antes do 31 de decembro a anualidade 2018.

Seguidamente polo Sr. Alcalde procédese a dar conta do correo remitido por José Fco. Vaamonde Longueira, enxeñeiro agrónomo, paisaxista, que sinala: Estivo a valorar a situación dos dous sendeiros indicados na reunión de onte: Roteiro de Buscás-Poulo e Roteiro do río Mercurin



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Ao respecto debo indicar varias cuestións que comento a continuación. No final do correo expreso as opcións de traballo que podemos desenvolver. 1.- Sinalización. Nos folletos identificativos de ambos sendeiros utilízanse sinais homologadas para rutas de pequeno percorrido (cores branco e amarelo). O artigo 12 da "Normativa de homologación de sendeiros en Galicia" (Federación Galega de Montañismo) estipula no seu capítulo 4 "Dos sendeiros sinalizados con marcas rexistradas e incumprindo a normativa federativa" que ... "para as rutas que fosen realizadas sen autorización da FGM e sen cumprir a presente normativa, pero que utilicen as marcas rexistradas da Federación Española de Montañismo (FEDME) e FGM, poderán legalizar a súa situación e beneficiarse da homologación sempre que cumpran todos os requisitos previos ou solventen a carencia dos mesmos. Con todo, deberán pagar, no momento de solicitude, o dobre de todas as taxas vixentes establecidas respecto diso pola FGM, en concepto de penalización por incumprimento das normas e procedementos establecidos, sen que isto inhiba a posibilidade de que se establezan accións contra os promotores por violación dos dereitos das marcas rexistradas, se fose necesario. 2.- Homologación. Ambas rutas non están homologadas, conforme á normativa da Federación Galega de Montañismo. Presenza das rutas en guías oficiais: Ao non estar homologadas, as rutas non aparecen nas guías oficiais. Presenza en páxina web en Portal Oficial de Turismo de Galicia: En procura por concellos e no apartado "que facer", sección "rutas de sendeirismo": Non aparece ningunha ruta homologada das indicadas no apartado de antecedentes e situadas no concello de Ordes. Si aparece a ruta homologada PR-G-117 "Ruta dá Fraga aos Muiños", situada en Mesía. 3.- Que é necesario para proceder á súa homologación: Procedemento: 1.- Solicitar o inicio da tramitación para a homologación do sendeiro. 2.- Remitir á Federación Galega de Montañismo o proxecto de sendeiro. 3.- Pago de taxas. 4.- Autorización par a sinalización cos sinais homologadas. 5.- Existe un prazo de 12 meses para a execución do proxecto. 6.- Inspección para a homologación". Este técnico informa que os roteiros foron sinalizados, ambos, incumprindo a normativa vixente. Ambas rutas non están homologadas, polo que non aparecen en guías oficiais. O anteprojecto de sendeirismo de San Paio de Buscás ten un custe de 13 mil euros, está sen executar por que non se conseguiu a subvención de Medio Ambiente. Pide que retire a moción, o traballo está feito, a moción é realista. Acreditou que se está nel. Falta a parte de San Paio de Buscás,

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que visto que xa están a traballar, que existen os proxectos, retira a moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

"Nas inmediacións das zonas mais concorridas ou nos espazos onde existe unha presenza importante de nenos e nenas (centros de ensino e zonas de xogo), compre actuar para minimizar os riscos, especialmente con respecto á seguridade viaria.

Con ese ánimo, é polo que desde o BNG propoñemos á corporación municipal acadar un pacto para que a catro anos vista, consigamos entre todos/as levar a cabo as medidas recollidas no Plan de Seguridade Viaria Municipal que propoñemos.

A primeira medida sería a desenvolver no presente ano 2018, implantando unha limitación de velocidade de circulación de vehículos de 30 km/h nas seguintes rúas:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

- Ordes: Rúa Nicolás del Río, Rúa Pascual Veiga, Rúa Manuel Murguía, Rúa de Galicia, Rúa Parque Municipal, Rúa Ramón Ferreiro, Rúa Campomaior, Rúa da Feira e Rúa do Muíño.

- Mesón do Vento: Rúa do Campo da Feira e Rúa Roberto Forján.

A segunda medida sería implantar paulatinamente pasos peonís elevados que calmen o tráfico e obriguen aos vehículos a circular á velocidade establecida nas citadas rúas (segundo planos que acompañan á presente proposta).

O obxectivo do plan sería chegar a comezar o ano 2023 con tódalas actuacións propostas nel desenvolvidas e en funcionamento.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1- O pleno do concello de Ordes manifesta a súa conformidade ao Plan de Seguridade Viaria Municipal que se recolle na presente proposta.

2- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a efectuar os trámites e as actuacións precisas para, no presente ano, establecer unha limitación de 30 km/h nas rúas citadas no Plan de Seguridade Viaria Municipal.

3- O pleno do concello de Ordes insta ao actual alcalde, así como ao alcalde ou alcaldesa da seguinte corporación municipal (2019-2023), a executar integramente os pasos peonís elevados propostos antes de finalizar o ano 2022”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de oito votos en contra (6 grupo político PP, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sete votos a favor (3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións para explicar o voto en contra á urxencia da moción.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que en principio a moción está ben, pero hai que tratala nunha comisión informativa, cos informes da policía local. Non se pode facer un plan a catro anos, so somos competentes este ano, non o ano que ven. Non ten sentido.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, que sinala que o pleno non pode manifestar a conformidade co plan por que o ten que elaborar a policía local, poden estar a propor algunha cousa que a policía local pode informar en contra. Cada vez que fai unha actuación nunha vía pública solicita un informe da policía local. Non sabe cal é o custe deste plan, as contas do



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

concello están moi xustas para chegar a fin de ano. Indícase na moción que se executará no presente ano.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non o entendeu, se llo permite llo aclara. O primeiro punto non ten razón, pode darlle a conformidade ao plan e despois informar a policía local se ve algunha eiva ou necesaria algunha modificación pode facela. Está confundido. Non é un acordo inmediato. O que se propón é o acordo do pleno con este plan, non se está a fixar unha data para facelo xa. Terá que adoptar as actuacións precisar para a súa posta en marcha. Voten o que queiran.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o terceiro punto é unha cuestión dun programa electoral 2019-2023, quedan sete meses para unhas eleccións municipais. Falarase nunha reunión coa asistencia da policía local.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A Guerra Civil e os corenta anos de ditadura deixaron un elevadísimo número de vítimas de violacións graves dos dereitos humanos, incluíndo execucións, tortura, detencións arbitrarias, desaparicións, traballo forzoso de persoas presas, ou exilio, entre outros.

O concello de Ordes foi o concello de Galiza onde proporcionalmente houbo máis persoas paseadas e represaliadas logo do golpe militar de 1936. O ocorrido no noso concello nesa altura está recollido en diferentes libros, traballos e proxectos que se documentaron a través da memoria oral así como doutro tipo de documentación que se puido ir recompilando ao longo dos anos e que documentan en maior ou menor medida os feitos ocorridos durante aqueles anos. Así sábese que no cemiterio do Piñeiro hai unha foxa común que a día de hoxe está sen localizar e cun número indeterminado de persoas asasinadas. É pois lamentábel que nunca se levara a cabo por parte do Concello ningunha iniciativa en aras ao cumprimento da Lei de memoria histórica Até o de agora non se adoptaron medidas efectivas encamiñadas a unha política a favor da verdade, da xustiza, da reparación e garantías de non repetición que deben ser as que guíen a memoria histórica.

O Informe de Pablo de Greiff, Relator Especial sobre a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición, elaborado no 2014, sinala que: “Os maiores baleiros evidéncianse en materia de verdade e xustiza. Non se estableceu nunca unha política de Estado en materia de verdade, non existe información oficial, nin mecanismos de esclarecemento da verdade. O modelo vixente de privatización das exhumacións, que delega esta responsabilidade ás vítimas e asociacións, alimenta a indiferenza das institucións estatais e leva dificultades metodolóxicas, de homologación e oficialización da verdade. Os reclamos dos familiares para dar sepultura aos seus seres queridos son urxentes”.

Criticase polo tanto que a iniciativa e os traballos queden en mans exclusivamente de familiares ou asociacións que lles representen, debendo as institucións publicas involucrarse para dar cumprimento aos principios de verdade, xustiza e reparación. Urxe pois que o concello se involucre para dar cumprimento as Leis internacionais así como á Lei de memoria histórica.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Igualmente, este mesmo 17 de setembro de 2018, o actual relator especial da ONU para a promoción da verdade, xustiza e reparación, no Congreso dos Deputados insistiu no mesmo que o seu antecesor, na urxencia de localizar e exhumar ás miles de vítimas que continúan nas foxas e nas cunetas.

A Lei estatal de Memoria Histórica 52/2007 recolle entre o seu articulado a colaboración das Administracións públicas coas persoas particulares para a localización e identificación de vítimas así como as medidas para levar a cabo todo o proceso.

Polo exposto, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Que o Concello de Ordes promova a realización dun estudo a partir de fontes orais e escritas para a localización da foxa común do cemiterio do Piñeiro (Ordes).

2. A partir do resultado deste estudo, que demande da Xunta de Galiza que leve a cabo os traballos de exhumación e identificación e entrega ás familias dos restos das vítimas enterradas nesta foxa común.

3. Que o Concello de Ordes organice un acto institucional de reparación e homenaxe a todas as vítimas do franquismo, e singularmente ás vítimas da foxa común do cemiterio do Piñeiro”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de oito votos en contra (6 grupo político PP, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sete votos a favor (3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, que pregunta se consideran que esa fosa común é o terreo que está pechado cunha cancela branca polo exterior que puxeron o outro día no seu Facebook.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que todos os veciños cos que puideron falar sinalan que hai xente que considera que esta nesa zona, incluso pola parte de fora do cemiterio, incluso hai que fala que está na zona do monumento do Soldado Lois.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións para explicar o voto en contra á urxencia da moción.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que se hai unha fosa común hai que ter os datos onde está, hai que estudalo. Non pode despois de oitenta anos, ou setenta, que estas cousas ocorreron non pode co seu voto apoiar isto se se van a tocar os veciños de Ordes enterrados no cemiterio do Piñeiro. Todos teñen que saber que antes non había pasillos, eran todos tumbas no solo, hai que respectar estes cadáveres. Se hai un sitio puntual



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

para abrir, hai que contar coas familias que están ao carón. Se está no chamado cemiterio civil, non é propiedade do concello, ten un dono. A corporación de Ordes non é competente. Se hai unha forma de levantar estes cadáveres están de acordo, sen molestar ao resto dos veciños. Hai que estudalo moito. Se hai algo certo, está de acordo, si somos competentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o BNG para solicitar que Concello de Ordes promova a realización dun estudo a partir de fontes orais e escritas para a localización da foxa común do cemiterio do Piñeiro, Ordes, xustifica a adopción deste acordo en que a Lei estatal de Memoria Histórica 52/2007 recolle entre o seu articulado a colaboración das Administracións públicas coas persoas particulares para a localización e identificación de vítimas así como as medidas para levar a cabo todo o proceso. A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e establécense medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, no seu Artigo 11. Colaboración das Administracións públicas cos particulares para a localización e identificación de vítimas. As Administracións públicas, no marco das súas competencias, facilitarán aos descendentes directos das vítimas que así o soliciten as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior e cuxo paradeiro ignórese. O previsto no párrafo anterior poderá aplicarse respecto das entidades que, constituídas antes de 1 de xuño de 2004, inclúan o desenvolvemento de tales actividades entre os seus fins. Tendo en conta o anterior: A Lei de memoria histórica non fala de colaboración do Concello de Ordes, fala de facilitar as actividades de indagación e localización desa fosa común, que corresponden aos descendentes directos das vítimas ou ás Asociacións para a Recuperación da Memoria Histórica. Nunca un grupo político. Na moción non se indica cales son as fontes orais e escritas que de forma clara e precisa indican que no cemiterio do Piñeiro se localiza una fosa común. Desde que presentaron a moción e a fixeron pública, foron moitos os veciños que chamaron ao concello indignados por esta moción, así llo fago saber, xa sabe que non lles preocupa, pero dálles traslado para que reflexionen. Nas mocións que levan presentado nestes tres anos nunca se encontrou cunha moción con tanto rexeitamento social. A moción non se adapta ao establecido na Orde PRE/2568/2011, de 26 de setembro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 23 de setembro de 2011, polo que se ordena a publicación no Boletín Oficial do Estado do Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da guerra civil e a ditadura. Para que o Concello poida tomar en serio esta moción o BNG debería remitirse ou aportar o Estudo documental previo sobre localización da fosa e dos individuos que poidan aparecer que se menciona no Anexo. Protocolo de actuación en exhumacións da Orde PRE/2568/2011, apartado II. Solicitudes para a realización dos traballos, presentación do proxecto e aprobación preliminar pola administración. Isto é dende o punto de vista da lexislación. Quere facer referencia á imaxe que publicaron no seu Facebook. Esa finca é da familia Pol que no século XIX doou todo o terreo do Piñeiro, Florencio Pol Ramos, a súa esposa Emilia Caamaño Quiroga máis a súa filla foron enterrados en 1991, nese espazo exterior que se reservou na finca do Laranxal. Por que este señor era notario en Ordes, faleceu na Coruña, e foi enterrado nese cemiterio que se chama de disidentes por que era teósofo. Tamén era espiritista. Este espazo decidiu que fose como cemiterio civil que non ten nada que ver co cemiterio relixioso. Florencio Pol faleceu no 1902. So hai enterrados familiares directos del que se saiba. A día de hoxe descendentes desa familia esta é a realidade que nos transmiten. Non consta de forma escrita que no ano 1936 se houbese matado ou fusilado a ninguén de Ordes ou dos arredores. Se vostedes teñen constancia ou as persoas que lle deron esa información é importante que nolo fagan saber a nos e aos veciños de Ordes. O que lle pide é que deixen de facer política sobre unha propiedade privada, sobre unha propiedade pública e sobre os dereitos dunha familia. No momento que acrediten o que lles pide



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

o Sr. González o Concello deberá tomar medidas. Vostedes fagan o que queiran. É un tema que na rúa xerou rexeitamento. Están no seu dereito de traballar na liña que veñen facendo. En ningún caso ese terreo privado necesita ser protexido no PXOM sen acreditar que hai algo a protexer e que xeraría unha zona de cautela ou protección inmensa, polo que non aprobarán a alegación presentada.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que pregunta si o Sr. Alcalde acredita que alí so está o Sr. Florencio Pol, ten a mesma dúbida que temos nos sobre a fosa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten a constancia por que o di a wikipedia e falou coa familia, que alí están enterrados o Sr. Pol, a súa dona e filla, e tamén lle din que alí única e exclusivamente están enterrados familiares directos, se queren vou con vostedes a falar coa familia. Despois se hai algo máis, conten o que queiran, pero acredíteno. Hoxe perdeu o tempo para ir falar coa familia, houbo quen me facilitou falar coa familia aquí. Para nos é unha vergonza esta moción, pídelles que reflexionen ao respecto.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que o que piden é que se acredite e se comprobe.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o teñen que facer vostedes, non nos. O concello non é competente.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que hai fontes contrastadas de que alí se matou e se fusilou a xente, contra a parede norte. O dixo Manuel Astray Rivas. Fala de fontes orais, non ten nin idea de memoria histórica. A día de hoxe xente que sufriu represión aínda ten medo a falar. Foron a falar cunha señora que ten ao seu irmán alí, que o levaron da casa un día e non sabe onde acabou. Sexamos serios. Esta señora ten medo a falar, ten medo a pedir as cousas. Que me diga que non se matou a ninguén, colla actas do Rexistro Militar e empece a sacalas. Teño un artigo que pon unha clase de historia gratuíta para Rajoy, vaillo regalar, ten necesidade. Se facemos un estudo cun xeoradar e alí non hai nada. Como cando caeu parte do muro e cunha pala se moveu aquilo e apareceron restos humanos, vanllo negar agora. Ao mellor resulta que coas obras non hai nada. So piden que se acredite, hai xente que sospeita que ten alí os familiares.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa lle indicou que non teñen competencia para iso.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que esa é un discurso peregrino para non aprobar nada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que acaban de indignar a un número importante de veciños de Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que como vostedes coa xura da bandeira civil.

Intervén o Sr. Gonzáles Santos, que sinala que o muro se levantou no ano 2010, non houbo unha pala, iso son contos, el é testemuña, o Sr. Regos Boquete tamén. Uns traballadores do concello levantaron o muro de pedra, despois limpouse a maleza de silvas, non había restos humanos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está disposto a sentarse e falar disto cando lle traían toda esa documentación.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que por desgraza non hai documentación. Sabemos de que época estamos a falar, de que se collía a alguén nunha rúa, ou na súa casa o levaban a unha cuneta ou un cemiterio e lle pegaban un tiro, cree que hai actas de defunción desa xente, non a hai, por iso na Lei de memoria histórica se fala de recuperar todo isto, é así.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os convida a unha reunión con toda a corporación onde se estude toda a documentación que presenten.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Nas últimas semanas, o alcalde de Ordes anunciaba o esgotamento do solo industrial en Ordes, o cal é unha verdade a medias, dado que a venta das últimas parcelas dispoñibles a través de Xestur, lamentablemente non supón o esgotamento do solo industrial dispoñible no polígono industrial de Ordes, posto que existen numerosas parcelas que se atopan literalmente “a monte”.

Esas parcelas baleiras foron mercadas no seu día por persoas que o paso do tempo demostra que non están interesadas en afincarse no polígono industrial dado que non construíron nin implantaron ningún tipo de actividade sobre a mesma, o cal revela un mais que posible interese especulativo sobre ditos terreos.

A non dispoñibilidade de terreos no polígono industrial de Ordes a través de Xestur, fai precisa a execución da resolución da compravenda, poñendo novamente os terreos a disposición de empresas interesadas a afincarse no concello de Ordes para crear emprego e riqueza.

O feito de que pasados mais de dous anos e medio desde que se produciu a ampliación inicial do PXOM de Ordes, non se intentase aínda a aprobación provisional do documento, non fai mais que evidenciar o apuro en recuperar ditos terreos.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a solicitar a Xestur a que proceda coa resolución dos contratos de compravenda das parcelas baleiras no Polígono Industrial de Ordes, naqueles casos que incumpran a obriga de obter a habilitación correspondente para a primeira actividade no prazo establecido no correspondente contrato de compravenda”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de oito votos en contra (6 grupo político PP, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sete votos a favor (3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que vista a actitude de voto en contra da urxencia das mocións, estudarán tamén o cambio de día do próximo pleno ordinario.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que entón faremos un extraordinario o día 29 e o día 30 farán o ordinario.

Intervén o Sr. Alcalde, que indica que vai a dar conta do informe remitido por Xestur en relación coa moción anterior, que é máis que suficiente para aclarar o voto en contra á urxencia da moción. Non nega que comparte as verdades que se din na moción, pero non van a votar en contra da moción por que moitos dos propietarios desas parcelas levan loitando para as poden desenvolver, hai persoas que xogan co que vostede dixo, pero non son todos os casos. Conseguiron despois da bonificación de Xestur colocar a parcela 85 e a parcela 79, que serán 22 ou 23 postos para o verán que ven, e que critiquen isto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pide que sexa serio, non poña na súa boca palabras que non dixeron. Como van a criticar a creación de 23 postos de traballo, sexa serio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o solo público do polígono esgotouse, vostedes criticaron que aínda o había, hai outras parcelas pero non son públicas, todas teñen titular, aos que hai que respectar por que as épocas non foron fáciles. Procede seguidamente a dar lectura ao informe de Xestur que chegou no día de onte “En data 28 de febreiro de 1992, asínase un convenio entre o Concello de Ordes e o Instituto Galego da Vivenda e Solo para promover o parque empresarial de Merelle, cunha superficie aproximada de 30 Hectáreas. O Plan Parcial do polígono aprobouse definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo o 18 de novembro de 1.993. O parque empresarial de Merelle ten unha superficie total aproximada de 300.000 m², dos que 217.317 m² corresponden a solo de uso industrial e comercial. O investimento total neste parque ascende a 5.257.333,59 €. O Proxecto de Urbanización do parque foi aprobado polo Concello de Ordes en data 19 de abril de 1994. 1ª FASE. Posteriormente, o 29 de marzo de 1995, asínase un convenio entre Xestur e o I.G.V.S. para a urbanización da primeira fase do parque empresarial. A superficie comercializable industrial e comercial desta primeira fase é de 53.501 m², repartida en 36 parcelas, que Xestur saca a concurso público de venda no ano 1997, formalizándose a totalidade das escrituras públicas das mesmas entre os anos 1.999 e 2005. 2ª E 3ª FASE. No ano 2003 as obras de urbanización da segunda e terceira fase, son adjudicadas trala licitación das mesmas. A superficie comercializable correspondente a esta 2ª-3ª fase é de 163.816 m² (repartidas en 71 parcelas), excluindo as parcelas 49 a 52 xa cedidas ao Concello na escritura de parcelación e as parcelas 41 e 85 entregadas en escritura de permuta no ano 2012. A comercialización desta 2ª-3ª fase comezou en xaneiro de 2003, mediante a sinatura de compromisos de venda das parcelas. As escrituras de venda de todas as parcelas que tiñan subscritos compromisos na 2ª-3ª fase formalizáronse entre os anos 2007 e 2010. Entre os anos 2012 e 2015 formalizouse a venda de outras seis parcelas. No ano 2015 Xestur, S.A. convoca un concurso de venda de parcelas con bonificacións, entre as que se atopan 5 parcelas do P.E. Ordes que aínda quedaban por vender e que suman unha superficie total de 18.454 m². Ditas parcelas saíron á venda cunha bonificación de ata o 50% nos prezos, condicionada ao cumprimento da obriga de construír e iniciar a actividade no prazo de 3 anos. Tres destas parcelas escrituráronse en 2015 e 2016. Condicións de venda pactadas nas escritura: Nas vendas da 1ª Fase do P.E. formalizadas entre os anos 1.999 e 2.005 as obrigas do comprador eran as seguintes: “Realizar ao seu cargo a urbanización interior e complementaria da parcela e destinala a unha edificación industrial ou comercial de acordo coas determinacións e ordenanzas do planeamento urbanístico en vigor e respectando as limitacións e servidumes impostas no



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

mesmo e as que se deriven do Proxecto de Urbanización”. Nas vendas da 2ª fase engádense prazos para solicitar as licenzas de edificación. Requirimentos enviados a propietarios de parcelas sen construír. Durante o ano 2017 Xestur procedeu a revisar o estado das edificacións na totalidade do polígono, constando que da primeira fase están sen construír oito parcelas que suman un total de 13.000 m2 e da 2ª-3ª fase unhas 25 parcelas que suman un total aproximado de 52.000 m2. Nos últimos meses enviáronse cartas a todos os propietarios de parcelas onde non consta que exista edificación, apercibíndolles da obriga de edificar nas mesmas e implantar unha actividade empresarial. Recibíronse contestacións da maioría deles argumentando que debido á crise non puideron edificar, manifestando moitos, que xa tiñan comezado cos trámites. Os compradores de parcelas con prezo bonificado aínda están en prazo salvo una delas, que xa construíu e ten acreditado o inicio da súa actividade ante Xestur”. A venda das dúas últimas parcelas bonificadas é positiva por que nos facilita de cara ao PXOM a ampliación do parque empresarial e a defensa do polígono industrial de Pardiñas, o IGVS vai a facernos un informe favorable. Xestur fixo o seu traballo, sabemos que hai casos peculiares entre os que fala, defendemos o dereito de propiedade, que teñan a oportunidade de desenvolvelo. Van a darlle unha segunda oportunidade a todos e cada un deles un par de anos máis. O informe é claro.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O fenómeno da globalización fai patente a necesidade de coñecer distintos idiomas estranxeiros ademais do Galego e Castelán. Pódese dicir que as linguas forman parte da cultura moderna.

Aprender outras linguas ademais da materna é un factor avaliable e, en moitos casos, incluso é un requisito á hora de formar parte dun proceso de selección para un posto de traballo. Os idiomas hoxe en día son fundamentais para o desenvolvemento persoal e laboral de calquera persoa.

No curso 2001/2002 comeza a súa andaina a Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela que depende da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

No ano 2008 a Escola Oficial de Idiomas chega ao Instituto Número 1 de Ordes coa creación dunha nova sección na que se impartían as ensinanzas de inglés. Nese primeiro ano o alumnado matriculado chegou case a duascenas persoas.

Ao longo destes anos un número moi considerable de veciños e veciñas de Ordes e doutros Concellos máis ou menos próximos obtivo unha titulación oficial nos diferentes niveis da Escola de Idiomas.

A día de hoxe o número de estudantes medrou considerablemente ata estar próximo ás trescentas persoas matriculadas nos niveis que oferta a sección de Ordes e divididos en 11 grupos (nalgúns niveis hai máis dun grupo debido á elevada demanda): Nivel A1.1, e A1.2 (que no antigo plan correspondía a Básico I e Básico II), niveis B1.1, B1.2, B2.1, B2.2 (o antigo nivel Intermedio) e, por último, o nivel C1.1 e C1.2 (ata este curso pasado eran o nivel Avanzado).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Visto o gran éxito que ten a Escola de Idiomas no noso pobo, dende Unión por Ordes creemos que sería moi interesante que se puidese ampliar a oferta da Sección de Ordes con algún idioma máis como alemán, francés ou portugués, polo menos ata o nivel B1 ou B2, que é o que se lle está esixindo a todo o alumnado que curse estudos universitarios.

A titulación da EOI é tamén un mérito especialmente valorado para acceder a moitos postos de traballo, e o feito de poder demostrar o coñecemento dunha lingua estranxeira pode significar a diferenza entre conseguir un traballo ou non.

Por todo elo, propónse ao pleno a adopción do acordo:

O pleno do Concello de Ordes insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia así como á Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela a ampliar a súa oferta educativa na Sección de Ordes con un novo idioma (alemán, francés ou portugués), ademais das ensinanzas de inglés que xa se están a impartir”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que todo o que sexa mellorar a oferta educativa do pobo estarán de acordo.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que están completamente de acordo.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que secundan a exposición de motivos e co que se pretende acordar.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia así como á Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela a ampliar a súa oferta



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

educativa na Sección de Ordes con un novo idioma (alemán, francés ou portugués), ademais das ensinanzas de inglés que xa se están a impartir.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que formula o rogo seguinte:

- Á altura do edificio 14 da Avenida Alfonso Senra está colocado na beirarrúa un poste de madeira de Telefónica co seu correspondente tirante de aceiro. Este poste e o seu tirante de aceiro están case diante do portal de entrada do edificio 14 molestando en determinados momentos o acceso ao edificio.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde que faga un requirimento a Telefónica para que proceda a retirar dito poste de madeira desa ubicación (preferentemente grapando o cableado na fachada do edificio ou soterrando a liña baixo a beirarrúa).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se fará o informe da policía local e se dará traslado do mesmo á empresa para que se faga canta antes, levará o seu tempo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula o rogo seguinte:

- Na beirarrúa que vai dende Mesón ata a pista de Orellán de Abaixo leva meses unha farola tirada na parcela dun particular, e a base da farola incorrendo nun grave risco de caída para viandantes.

É polo que solicito ao alcalde o seguinte:

Se tomen as medidas necesarias para evitar riscos de caídas por tropezos coa base da farola que se substitúa a farola.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA N° 21

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto foi derivado dun accidente, hai informe da policía local. Se está tan perigoso adoptarán estas medidas, está pendente que a compañía resolva a situación.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Veciños e veciñas da Rúa de Casavella achegáronnos queixas de que, desde que se reformou a rúa, os vehículos circulan a bastante velocidade tanto subindo como baixando, que xa provocaron percances, incluso con danos persoais. Ademáis, hai unha gardería na rúa, polo que a situación é máis perigosa.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos se adopten medidas efectivas para reducir a velocidade dos vehículos que circulan pola Rúa de casavella, por exemplo instalando un paso de peóns elevado no medio da rúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o análise do paso de peóns elevado foi informado desfavorablemente pola policía local, e si instalar coxíns berlineses que intentarían instalar antes de fin de ano.

- Veciños de Ordes queixáronse días atrás de uns cheiros continuados , moi fortes e desagradables, na vila.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos se investigue de onde proceden eses cheiros e se tomen as medidas oportunas para que non volvan aparecer.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si non da máis información de días e lugares. O mellor é que no momento que suceda que se contacte co Concello para dar traslado á empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento. Pasado o tempo non hai moito que investigar.

- Pais e nais de nenos que van ao colexio Campomaio queixáronse a esta Agrupación Socialista de Ordes de que os aparcamentos de vehículos que foron acondicionados recentemente están cheos de fochancas e co firme mal, posto que nin se lle botou zahorra para acondicionalos correctamente.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos se tomen as accións necesarias para reparar os firmes dos aparcamentos do colexio Campomaior, agora que chega o inverno e o estado, cheo de fochancas, empeorará.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle dará traslado á brigada para que pasen a revisar a situación dos mesmos.

- Veciños da prolongación da Rúa dos lagartos en Ordes contactaron coa Agrupación Socialista de Ordes para reclamar a instalación dun banco adicional ao lado do muíño de Frnanducho, posto que non chega o actual para sentarse ao concentrarse alí moitas persoas maiores.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos se instale un banco adicional ao lado do muíño de Fernanducho para que máis veciños de Ordes se poidan sentar ao mesmo tempo na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que mirar si quedan bancos, compraron dez, senón comprarán máis. Dinme que hai máis, o colocarán.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Veciñanza da aldea de Vilasuso (Beán), trasladou ao grupo municipal do BNG de Ordes a súa preocupación pola velocidade á que transitan os vehículos na estrada que une a aldea de Vilasuso coa AC – 3802.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda á colocación da sinalización correspondente en dita estrada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se iniciou a obra do Mendo ao cruce de Vilasuso, tan pronto estea o aglomerado feito aproveitará para que a empresa faga a pintura. Van retrasados coas obras, iniciouse o martes.

- Usuarios do curso de costura que oferta o Concello de Ordes, puxéronse en contacto con nós para comentarnos a situación da aula onde se imparte o curso ,na antiga “Escola da Cárcel”.

A aula carece de unhas condicións mínimas para impartir calquera actividade:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Falta de calefacción ou estufas para pasar o Inverno.
Ausencia de papeleiras.
Cadeiras inadecuadas (de plástico, que os usuarios da aula tiveron que limpar cando se lle entregaron posto que estaban cheas de terra).
No baño ; ausencia de rolos de papel, xabón e papeleira.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Que se acondicione dita aula para poder impartir actividades ou senón se busque outra máis axeitada .

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se corraxirá o que acaba de indicar.

- Ciclistas e usuarios da bicicleta, como medio de transporte para desprazarse polo pobo, demandan máis zonas de aparcamento para evitar ter que encadear as mesmas á árbores ou farolas ou mesmo ter que ocupar as beirarrúas .

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

Que se instalen zonas de aparcamento para bicicletas similar ao que hai na Piscina climatizada Iván Raña Fuentes, en zonas transitadas do pobo como pode ser a zona da Alameda , Campo da Feira , Centro Médico ou outras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha ide moi boa, tratarán de executalos canto antes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A carón da antena de telecomunicacións existente nas inmediacións da nave da feira do Mesón do Vento, existe unha arbore completamente seca.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se leven a cabo as medidas precisas para a súa retirada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aí hai un problema bastante máis grave. Estivo alí o Sr. Rodríguez Méndez cos obreiros, que é que as árbores que hai alí están a levantar as beirarrúas, as van a quitar todas e colocar unhas prantas distintas que non sexan tan invasivas, que non fagan ese dano e reparar as beirarrúas. Repararon as beirarrúas e aos poucos meses volvían a estar exactamente igual. Xa se falou coa veciñanza e están de acordo. vai a facerse en época adecuada para que as prantas arraiguen. Vai a actuarse en todo o perímetro exterior do Campo da Feira.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

- A veciñanza do Mesón do Vento púxose en contacto con este grupo político para trasladar a súa preocupación pola situación do piñeiro ubicado no parque infantil do campo da feira, con varias pólas secas que ameazan con caer sobre o parque ou a beirarrúa.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Á poda das ramas secas do piñeiro ubicado no parque infantil do Mesón do Vento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que toman nota.

- Na estrada que comunica a N-550 coa Fraga da Galiña, á altura da estación de servicio, existen unha serie de rexistros de recollida de pluviais que se atopan moi por debaixo do nivel do firme.

Isto provoca que os vehículos, especialmente de noite, vaian dando saltos ao pasar por enriba dos rexistros.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se coloquen os rexistros a un nivel similar ao que ten o firme na actualidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se fixou, aínda non deron a orde para facelo, queda encargado o Sr. Rodríguez Méndez.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a pregunta seguinte:

- O Bono Social é un desconto na factura da luz para axudar a persoas vulnerables ou en risco de exclusión.

Supón un desconto do 25% na parte do custe da enerxía da factura que pode chegar ata o 40 % para consumidores vulnerable severos e gratis total para aqueles consumidores identificados en risco de exclusión social.

Para que sexan efectivas estas axudas deben cumprirse uns requisitos e aportar na solicitude unha serie de documentos, entre os que figura a aportación de un Certificado por parte dos servicios sociais dos Concellos, que acrediten ditas circunstancias especiais.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA N° 25

Tendo en conta o anteriormente exposto formúlolle á Concelleira de Servicios Sociais a seguinte pregunta

Que informe ao pleno de este Concello do número e datas dos Certificados emitidos con respecto ao Bono Social que permitirían cursar correctamente as solicitudes dos veciños que tiveran dereito a elo.

Igualmente, que informe ao Pleno de este Concello si se realizou algunha campaña informativa dende O Concello encamiñada a axudar a cursar ditas solicitudes.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que se lle informa a todos os usuarios dos servizos sociais. Os certificados remitidos foron no ano 2017, 237 persoas interesadas, emitidos 36, no ano 2018 informouse a 72 persoas, emitidos 20. Os informes os leva o usuario á compañía eléctrica. Os informes dos anos anteriores ao 2018 vanse prorrogando. O número de usuarios os ten a compañía eléctrica.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e vinte e dous minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE

O SECRETARIO